

PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO (P.E.F.) 2012-2013

I. INTRODUCCIÓN.

O presente Plan Económico Financeiro 2012 (en adiante P.E.F.) redáctase en cumprimento da normativa sobre Estabilidade Orzamentaria:

- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (en adiante LOE).
- Real decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais (en adiante REO)

O contido mínimo do P.E.F. recóllese no establecido no artigo 21.2 da LOE e no artigo 20 do REO. A disposición final 7ª da LOE parece habilitar a posibilidade de elaborar o PEF en 2012 co contido establecido no REO, en todo aquilo que non se opoña ao previsto na LOE, ó dispoñer *“Os plans económico-financeiros e de reequilibrio que foran presentados durante o exercicio 2012, así como os obxectivos para 2012 fixados con arreglo á anterior Lei, rexiranse, en canto o seu seguimento e aplicación, polas disposicións contidas na presente Lei”*; por outra parte, resulta imposible seguir íntegramente o artigo 21.2 da LOE ao estar pendente de regulación polo Ministerio de Economía e Competitividade o desenvolvemento a metodoloxía sobre o cálculo de previsións tendenciais (disposición transitoria 2ª da LOE), así como os supostos sobre os que se baseen as previsións das variables económicas e orzamentarias en consonancia co informe a que se refire o apartado 5 do artigo 15 da LOE.

Polo exposto o contido do PEF será o seguinte:

- Informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria emitido pola intervención provincial.
- Diagnóstico da situación.
- Proxeccións nos anos 2012- 2013 ata acadar o equilibrio
 - Estimación das liquidacións do 2012.
 - Estimación dos orzamentos do 2013.
 - Estimación das liquidacións do 2013.
- Conclusións.

II. INFORME DE INTERVENCIÓN.

Pola Intervención da Deputación emítese informe o 1 de xuño de 2012 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación dos orzamentos de 2011, do seguinte teor literal:

“ Asunto: Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación dos orzamentos do exercicio 2011 (ampliación dos informes emitidos o 27 de febrero de 2012 e o 10 de maio de 2012)

1. ANTECEDENTES.

a) Novedades legislativas:

A nova normativa en materia de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira ven establecida pola Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril (en adiante LOE), que entrou en vigor o 1 de maio e deroga expresamente o texto refundido aprobado polo R. d. legislativo 2/2007, de 28 de decembro, da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, sendo de aplicación o R. d. 1463/2007, de 2 de novembro (en adiante REO), polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais, en todo aquilo que non se opoña ao previsto na LOE.

Polo que atinxe ás Deputacións, atópanse as variacións procedimentais seguintes:

- *Inclúense no mesmo ámbito de aplicación que as entidades do artigo 111 do TRLRFL.*

a) Emisión de informes.

A diferenza que existe no REO entre ambos tipos de entidades maniféstase, entre outros, no artigo 16, polo que a Intervención local nas Entidades do artigo 111 do TRLRFL informan sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria na aprobación do orzamento e nas modificacións, correspondendo á Intervención xeral da Administración do Estado no resto dos casos (liquidación, conta xeral -agora corresponde á Xunta de Galicia-). No resto das Entidades (deputacións e outros concellos) é a Intervención local a encargada de emitir os ditos informes.

b) Plans Económico-financeiros.

A LOE establece que os Plans económico-financeiros (en adiante PEF) elaborados polas Corporacións locais aprobaranse polo Pleno, e para as Entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 (Deputacións) do TRLRFL será remitido á Comunidade autónoma que teña atribuída a competencia de tutela financeira sobre as Entidades locais, é dicir, o PEF apróbase polo Pleno, sendo a aprobación definitiva competencia da Xunta de Galicia, e aplícase a mesma publicidade que a dos orzamentos. O seguimento corresponde ó ente tutelante, con carácter semestral.

b) Antecedentes:

O artigo 4 do REO dispón: "1. As Entidades Locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes daquelas que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos axustándose ó principio de estabilidade orzamentaria definido nos apartados 1 e 3 do artigo 19 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

Ós efectos anteriores e en canto á execución de orzamentos, entenderase que se deberá axustar ó principio de estabilidade orzamentaria calquera alteración dos orzamentos iniciais definitivamente aprobados da Entidade Local e dos seus organismos autónomos, e, no seu caso, calquera variación da evolución dos negocios respecto da previsión de ingresos e gastos dos entes públicos dependentes.

2. As restantes entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes das entidades locais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus respectivos orzamentos ou aprobarán as súas respectivas contas de perdas e ganancias en situación de equilibrio financeiro, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles sexa de aplicación".

O artigo 15 do citado regulamento establece que "entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados e as liquidacións orzamentarias dos suxeitos comprendidos no artigo 4.1 do presente regulamento, acaden, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo individual establecido para cada unha das entidades locais a que se refire o artigo 5 ou o obxectivo de equilibrio ou superávit para as restantes entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económicos financeiros aprobados e en vigor.

En relación ás restantes entidades ás que se refire o artigo 4.2 do presente regulamento, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando, individualmente considerados, aproben, executen e liquiden os seus respectivos orzamentos ou aproben as súas respectivas contas de perdas e ganancias en situación de equilibrio financeiro".

O artigo 16.2 do REO establece que “a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade e dos seus organismos autónomos e entidades dependentes.

O informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, as súas modificacións e a súa liquidación.

O interventor detallará no seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais”.

O pasado día 27 de febreiro de 2012 pola Intervención emitíuse informe relativo ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da liquidación do exercicio 2011 referida unicamente á Deputación Provincial e ó seu organismo autónomo INLUDES en termos consolidados, xa que a esa data non estaban dispoñibles as contas anuais da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A., da Fundación TIC e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento . No citado informe facíase mención a que o mesmo debería ser ampliado para conter toda a información relativa a todos os entes que constitúen o ámbito subxetivo da análise no momento en que estiveran dispoñibles as contas anuais do exercicio 2011 dos entes dependentes debidamente aprobadas polos seus órganos competentes.

Con data 10 de maio de 2012 emítese novo informe incluíndo a totalidade dos cinco entes que constitúen o ámbito subxetivo da análise, quedando subordinado á aprobación definitiva das contas pendentes de aprobación, é dicir, as da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. formuladas polo Consello de Administración da sociedade o día 9 de maio de 2012 e pendentes de ser aprobadas pola Xunta Xeral de Accionistas da sociedade e as da Fundación TIC as cales estaban formadas e pendentes de aprobación polo Patronato da Fundación. A data actual, as contas da fundación foron aprobadas na sesión do Patronato de data 28 de maio de 2012 e as de SUPLUSA continúan pendentes de ser aprobadas pola Xunta Xeral de accionistas.

Con data de 22 de maio de 2012, adoptouse o acordo da Subcomisión de réxime económico, financeiro e fiscal, da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), en relación coa aplicación da normativa de estabilidade orzamentaria ás liquidacións dos orzamentos das entidades locais do exercicio 2011 no que se establece o 4,39 % dos ingresos non financeiros consolidados, sen incluír o efecto das liquidacións definitivas da participación das entidades locais en tributos do Estado correspondentes ao anos 2008 e 2009, como o límite do déficit das entidades locais dentro do que éstas non terán que preparar, aprobar ou someter a aprobación plans económicos-financeiros de reequilibrio como consecuencia das liquidacións dos seus orzamentos xerais do exercicio 2011.

2. ÁMBITO SUBXECTIVO DE APLICACIÓN.

Os organismos autónomos e entes públicos dependentes da Deputación, a saber, o organismo autónomo Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social (en adiante INLUDES), a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (en adiante SUPLUSA), a Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (en adiante Fundación TIC) e o Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento (en adiante Consorcio de bombeiros) serán consideradas entidades comprendidas no ámbito do artigo 4.1 do REO, ó prestar servizos ou producir bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais.

A data actual xa están dispoñibles as contas anuais de todos os entes, excepto as da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (formuladas polo Consello de Administración da sociedade o día 9 de maio de 2012 e pendentes de ser aprobadas pola Xunta Xeral de Accionistas da sociedade), quedando subordinado e presente informe á aprobación definitiva das contas pendentes de aprobación sin experimentar variacións respecto as cifras tidas en conta.

3. CONSOLIDACIÓN DOS ORZAMENTOS INICIAIS E DEFINITIVOS 2011

3.1.- Créditos iniciais:

No informe de intervención de 19 de novembro de 2010 analízase o obxectivo de estabilidade orzamentaria dos orzamentos de 2011 no que se conclúe que a nivel consolidado, cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria ao presentar unha capacidade de financiamento de 3.628.992,50 €, despois de realizar os axustes oportunos de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. Na análise efectuada no anterior informe, no caso do Consorcio de Bombeiros, utilizouse un avance de orzamento. Aprobado definitivamente o orzamento do Consorcio adaptaciónse os importes da análise sen que a cifra de capacidade de financiamento experimente variacións.

ORZAMENTO INICIAL 2011

| | | DEPUTACIÓN | INLUDES | SUPLUSA | FUNDACION TIC | CONSORCIO COMBEROS | AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS | TOTAL |
|--|--------|----------------------|----------------------|---------------------|---------------------|---------------------|--------------------------------|----------------------|
| I N G R E S O S | CAP. 1 | 4.700.068,98 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 4.700.068,98 |
| | CAP. 2 | 3.596.500,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 3.596.500,00 |
| | CAP. 3 | 8.466.391,51 | 200.000,00 | 0,00 | 3.500,00 | 650,00 | 0,00 | 8.670.541,51 |
| | CAP. 4 | 54.440.060,00 | 8.788.986,94 | 3.126.500,00 | 1.555.455,00 | 2.692.250,96 | -14.375.177,32 | 56.228.075,58 |
| | CAP. 5 | 3.516.000,00 | 101.000,00 | 0,00 | 12.000,00 | 100,00 | 0,00 | 3.629.100,00 |
| | CAP. 6 | 1.353.181,67 | 15.000,00 | 3.832.269,97 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 5.200.451,64 |
| | CAP. 7 | 5.193.949,60 | 1.365.000,00 | 0,00 | 0,00 | 1.007.917,26 | -409.500,00 | 7.157.366,86 |
| | CAP. 8 | 320.000,00 | 50.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 370.000,00 |
| | CAP. 9 | 5.250.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 5.250.000,00 |
| TOTAL | | 86.836.151,76 | 10.519.986,94 | 6.958.769,97 | 1.570.955,00 | 3.700.918,22 | -14.784.677,32 | 94.802.104,57 |

| | | DEPUTACIÓN | INLUDES | SUPLUSA | FUNDACION TIC | CONSORCIO BOMBEROS | AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS | TOTAL |
|--|--------------|---------------|----------------------|----------------------|---------------------|---------------------|--------------------------------|-----------------------|
| G A S T O S | CAP. 1 | 20.434.290,63 | 4.411.441,69 | 1.428.000,00 | 862.055,00 | 58.000,79 | 0,00 | 27.193.788,11 |
| | CAP. 2 | 14.039.597,59 | 2.582.375,99 | 1.358.500,00 | 579.600,00 | 2.634.800,17 | 0,00 | 21.194.873,75 |
| | CAP. 3 | 1.326.876,53 | 0,00 | 638.273,06 | 7.300,00 | 100,00 | 0,00 | 1.972.549,59 |
| | CAP. 4 | 23.476.516,28 | 731.169,26 | 0,00 | 50.000,00 | 100,00 | -14.375.177,32 | 9.882.608,22 |
| | CAP. 6 | 15.201.228,94 | 2.480.000,00 | 340.000,00 | 72.000,00 | 1.007.817,26 | 0,00 | 19.101.046,20 |
| | CAP. 7 | 6.352.646,20 | 265.000,00 | 0,00 | 0,00 | 100,00 | -409.500,00 | 6.208.246,20 |
| | CAP. 8 | 320.000,00 | 50.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 370.000,00 |
| | CAP. 9 | 5.251.511,10 | 0,00 | 3.193.996,91 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 8.445.508,01 |
| | TOTAL | | 86.402.667,27 | 10.519.986,94 | 6.958.769,97 | 1.570.955,00 | 3.700.918,22 | -14.784.677,32 |

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:

| | | | | | | | |
|--|---------------|---------------|--------------|--------------|--------------|----------------|---------------|
| TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7) | 81.266.151,76 | 10.469.986,94 | 6.958.769,97 | 1.570.955,00 | 3.700.918,22 | -14.784.677,32 | 89.182.104,57 |
| TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7) | 80.831.156,17 | 10.469.986,94 | 3.764.773,06 | 1.570.955,00 | 3.700.918,22 | -14.784.677,32 | 85.553.112,07 |
| NECESIDADE / CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO | 434.995,59 | 0,00 | 3.193.996,91 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 3.628.992,50 |

3.1.- Créditos definitivos:

As modificacións de crédito no momento da Liquidación do orzamento presentan as cifras de previsións definitivas de ingresos e gastos seguintes:

ORZAMENTO DEFINITIVO 2011 CONSOLIDADO

| | | DEPUTACIÓN | INLUDES | SUPLUSA | FUNDACION TIC | CONSORCIO COMBEROS | AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS | TOTAL |
|----------|--------|----------------|---------------|--------------|---------------|--------------------|--------------------------------|----------------|
| INGRESOS | CAP. 1 | 4.700.068,98 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 4.700.068,98 |
| | CAP. 2 | 3.596.500,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 3.596.500,00 |
| | CAP. 3 | 8.466.391,51 | 200.000,00 | 0,00 | 3.500,00 | 650,00 | 0,00 | 8.670.541,51 |
| | CAP. 4 | 54.936.550,99 | 11.754.671,89 | 3.126.500,00 | 1.555.455,00 | 2.692.250,96 | -14.375.177,32 | 59.690.251,52 |
| | CAP. 5 | 3.516.000,00 | 101.000,00 | 0,00 | 12.000,00 | 100,00 | 0,00 | 3.629.100,00 |
| | CAP. 6 | 1.353.181,67 | 15.000,00 | 3.832.269,97 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 5.200.451,64 |
| | CAP. 7 | 14.675.393,11 | 5.918.885,63 | 0,00 | 0,00 | 1.007.917,26 | -409.500,00 | 21.192.696,00 |
| | CAP. 8 | 92.608.258,64 | 8.725.189,78 | 0,00 | 0,00 | 1.484.800,01 | 0,00 | 102.818.248,43 |
| | CAP. 9 | 28.514.156,24 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 28.514.156,24 |
| TOTAL | | 212.366.501,14 | 26.714.747,30 | 6.958.769,97 | 1.570.955,00 | 5.185.718,23 | -14.784.677,32 | 238.012.014,32 |

| | | DEPUTACIÓN | INLUDES | SUPLUSA | FUNDACION TIC | CONSORCIO BOMBEROS | AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS | TOTAL |
|--------|--------|---------------|----------------|---------------|---------------|--------------------|--------------------------------|----------------|
| GASTOS | CAP. 1 | 18.854.477,51 | 4.441.535,18 | 1.428.000,00 | 862.055,00 | 58.000,79 | 0,00 | 25.644.068,48 |
| | CAP. 2 | 16.762.361,87 | 4.593.678,44 | 1.358.500,00 | 579.600,00 | 2.634.800,17 | 0,00 | 25.928.940,48 |
| | CAP. 3 | 1.394.324,12 | 0,00 | 638.273,06 | 7.300,00 | 100,00 | 0,00 | 2.039.997,18 |
| | CAP. 4 | 45.964.951,33 | 2.353.092,73 | 0,00 | 50.000,00 | 100,00 | -14.375.177,32 | 33.992.966,74 |
| | CAP. 6 | 81.839.069,78 | 14.341.291,06 | 340.000,00 | 72.000,00 | 2.492.617,27 | 0,00 | 99.084.978,11 |
| | CAP. 7 | 31.546.320,94 | 935.149,89 | 0,00 | 0,00 | 100,00 | -409.500,00 | 32.072.070,83 |
| | CAP. 8 | 320.000,00 | 50.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 370.000,00 |
| | CAP. 9 | 15.251.511,10 | 0,00 | 3.193.996,91 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 18.445.508,01 |
| | TOTAL | | 211.933.016,65 | 26.714.747,30 | 6.958.769,97 | 1.570.955,00 | 5.185.718,23 | -14.784.677,32 |

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:

| | | | | | | | |
|--|-----------------|---------------|--------------|--------------|---------------|----------------|-----------------|
| TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7) | 91.244.086,26 | 17.989.557,52 | 6.958.769,97 | 1.570.955,00 | 3.700.918,22 | -14.784.677,32 | 106.679.609,65 |
| TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7) | 196.361.505,55 | 26.664.747,30 | 3.764.773,06 | 1.570.955,00 | 5.185.718,23 | -14.784.677,32 | 218.763.021,82 |
| NECESIDADE / CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO | -105.117.419,29 | -8.675.189,78 | 3.193.996,91 | 0,00 | -1.484.800,01 | 0,00 | -112.083.412,17 |

Ao comparar as previsións definitivas de ingresos e gastos do orzamento consolidado de 2011 refléxase un desequilibrio en termos de estabilidade orzamentaria de -112.083.412,17 €, maior que a inicialmente prevista, que teñen as seguintes orixes:

- A capacidade de financiamento inicial prevista no orzamento aprobado por un importe de 3.628.992,50 €.
- A aplicación do remanente de tesourería do exercicio 2010 (concepto 870 do estado de ingresos) como fonte de financiamento de modificacións de créditos dos capítulos I a VII do estado de gastos durante o exercicio 2011, por un importe total de -92.448.248,43 € (-82.288.258,64 € no caso da Deputación, de -8.675.189,78 € no caso do INLUDES e de -1.484.800,01 € no caso do Consorcio de Bombeiros).
- A utilización parcial de compromisos de préstamos autorizados no exercicio 2010 ou anteriores para financiar a incorporación de remanentes de créditos das aplicacións orzamentarias con elas financiadas, por un importe de -23.264.156,24 €.

En consecuencia, pode afirmarse que o incremento no desequilibrio de 115.712.404,67 € débese á aplicación do remanente de tesourería do exercicio 2010 para financiar gastos por operación non financeiras (capítulos I a VII) por un importe de 92.448.248,43 € e a utilización parcial das operacións de crédito autorizadas en exercicios anteriores por un importe de 23.264.156,24 € (que se destinaron a gastos con financiación afectada, que constitúen remanentes de crédito de incorporación obrigatoria, de acordo co disposto nas normas orzamentarias, contables e contractuais de aplicación). Resulta evidente que o incremento no desequilibrio ou necesidade de financiamento non requiriu no momento de tramitar os expedientes de modificación de créditos de ningún axuste económico de reequilibrio por estar garantida a súa financiación con "aforro", é dicir con superávit acumulado en exercicios anteriores, acreditado a 31 de decembro de 2010 a través da magnitude do remanente de tesourería, e por establecelo así o artigo 21.1 do REO.

De conformidade co disposto no artigo 115 do R.D. 500/90, para efectuar a consolidación dos orzamentos anteriores, deberán harmonizarse os estados de gastos e ingresos e efectuar a eliminación das operacións internas. Os axustes que proceden por eliminación destas operacións internas serían:

a) Deducción por transferencias correntes da Deputación de Lugo en 2011 a:

| | |
|----------------------------|-----------------|
| 1. INLUDES..... | 8.728.448,72 € |
| 2. SUPLUSA..... | 4.365.803,69 € |
| 3. FUNDACION TIC..... | 1.515.455,00 € |
| 4. CONSORCIO BOMBEROS..... | 665.694,66 € |
| TOTAL | 15.275.402,07 € |

b) Deducción por transferencias de capital da Deputación de Lugo en 2011 a:

| | |
|------------------|----------------|
| 1. INLUDES:..... | 1.484.841,00 € |
| TOTAL | 1.484.841,00 € |

c) Deducción por gts. correntes en bens ou servizos da Deputación de Lugo en 2011 a:

| | |
|------------------|--------------|
| 1. SUPLUSA | 515.314,91 € |
| TOTAL | 515.314,91 € |

d) Deducción por investimentos reais da Deputación de Lugo en 2011 a:

| | |
|------------------|--------------|
| 1. SUPLUSA | 679.787,78 € |
| TOTAL | 679.787,78 € |

LIQUIDACION 2011

| | | DEPUTACIÓN | INLUDES | SUPLUSA | FUNDACION TIC | CONSORCIO BOMBEROS | AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS | TOTAL |
|--|--------|-----------------------|----------------------|----------------------|---------------------|---------------------|--------------------------------|-----------------------|
| I N G R E S O S | CAP. 1 | 4.974.112,29 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 4.974.112,29 |
| | CAP. 2 | 3.582.544,20 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | -515.314,91 | 3.067.229,29 |
| | CAP. 3 | 6.792.215,29 | 163.594,33 | 147.638,11 | 0,20 | 360,00 | 0,00 | 7.103.807,93 |
| | CAP. 4 | 54.336.368,19 | 10.222.248,29 | 4.391.465,16 | 1.523.770,75 | 1.411.031,58 | -15.275.402,07 | 56.609.481,90 |
| | CAP. 5 | 1.740.192,50 | 133.260,73 | 22.202,29 | 27.251,21 | 19.045,57 | 0,00 | 1.941.952,30 |
| | CAP. 6 | 18.397,00 | 4.671,66 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | -679.787,78 | -656.719,12 |
| | CAP. 7 | 8.274.114,45 | 4.440.993,20 | 1.106.423,35 | 0,00 | 665.313,81 | -1.484.841,00 | 13.002.003,81 |
| | CAP. 8 | 157.980,70 | 31.150,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 189.130,70 |
| | CAP. 9 | 29.060.218,31 | 0,00 | 6.625.818,23 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 35.686.036,54 |
| TOTAL | | 108.936.142,93 | 14.995.918,21 | 12.293.547,14 | 1.551.022,16 | 2.095.750,96 | -17.955.345,76 | 121.917.035,64 |

| | | DEPUTACIÓN | INLUDES | SUPLUSA | FUNDACION TIC | CONSORCIO BOMBEROS | AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS | TOTAL |
|--|--------------|---------------|-----------------------|----------------------|----------------------|---------------------|--------------------------------|-----------------------|
| G A S T O S | CAP. 1 | 18.358.156,10 | 3.928.607,47 | 1.279.207,03 | 827.477,71 | 25.611,24 | 0,00 | 24.419.059,55 |
| | CAP. 2 | 13.893.083,83 | 3.536.623,21 | 620.863,43 | 374.006,85 | 2.507.906,33 | 0,00 | 20.932.483,65 |
| | CAP. 3 | 981.609,19 | 0,00 | 162.703,24 | 3.537,63 | 0,00 | 0,00 | 1.147.850,06 |
| | CAP. 4 | 35.211.936,01 | 1.638.733,05 | 0,00 | 50.374,17 | 0,00 | -14.904.557,58 | 21.996.485,65 |
| | CAP. 6 | 51.111.083,77 | 7.466.612,67 | 7.200.750,96 | 172.041,52 | 2.403.348,48 | 0,00 | 68.353.837,40 |
| | CAP. 7 | 25.066.897,88 | 753.957,98 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | -3.050.788,18 | 22.770.067,68 |
| | CAP. 8 | 130.000,00 | 23.400,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 153.400,00 |
| | CAP. 9 | 14.789.766,72 | 0,00 | 3.193.996,91 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 17.983.763,63 |
| | TOTAL | | 159.542.533,50 | 17.347.934,38 | 12.457.521,57 | 1.427.437,88 | 4.936.866,05 | -17.955.345,76 |

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:

| | | | | | | | |
|--|----------------|---------------|---------------|--------------|---------------|----------------|----------------|
| TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7) | 79.717.943,92 | 14.964.768,21 | 5.667.728,91 | 1.551.022,16 | 2.095.750,96 | -17.955.345,76 | 86.041.868,40 |
| TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7) | 144.622.766,78 | 17.324.534,38 | 9.263.524,66 | 1.427.437,88 | 4.936.866,05 | -17.955.345,76 | 159.619.783,99 |
| NECESIDADE / CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO | -64.904.822,86 | -2.359.766,17 | -3.595.795,75 | 123.584,28 | -2.841.115,09 | 0,00 | -73.577.915,59 |

A partir dos criterios contidos no “Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais (1ª edición)” elaborado pola Intervención Xeral de Administración do Estado cómpre a realización dunha serie de axustes nas magnitudes orzamentarias anteriores para adaptar a información contable aos criterios de Contabilidade Nacional contidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95). Tivéronse en conta as seguintes consideracións:

- **Nos datos da Deputación de Lugo:** (preséntase no anexo 1 o resumo dos importes tidos en conta aos efectos de contabilidade nacional do orzamento de ingresos)
 1. **Registro en contabilidade nacional dos impostos, cotizacións sociais, taxas e outros ingresos:** para os ingresos contabilizados nos capítulos I, II e III (agás os impostos cedidos parcialmente) do orzamento de ingresos, utilízase o criterio de caixa de cada exercicio, sexa do exercicio corrente ou de exercicios pechados.
 2. **Tratamento das entregas a conta de impostos cedidos, do fondo complementario de financiamento e do fondo de financiamento de asistencia sanitaria:** en contabilidade nacional estes pagos rexístranse no periodo no que se pagan, e a liquidación definitiva resultante, no momento en que se determina a súa contía e se satisfai. Os dereitos recoñecidos netos destes conceptos correspóndense coas entregas a conta mensuais (xaneiro a decembro de 2011) e a liquidación definitiva do exercicio 2009, todos eles ingresados no exercicio 2011. En consecuencia, considérase como magnitude en Contabilidade Nacional a recadación neta total, tanto de exercicio corrente como de exercicios pechados, porque se corresponde coas cantidades recoñecidas polo Estado por estes conceptos no exercicio 2011.
 3. **Consolidación de transferencias entre administracións públicas:** Tódolos dereitos recoñecidos por transferencias correntes e de capital contabilízanse polo criterio do recoñecemento do dereito simultáneo ao cobro efectivo, non existindo dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2011.

Exceptúanse do criterio xeral anterior as cantidades debidas polos Concellos e os dereitos recoñecidos rexistrados nos conceptos 76200 e 76205 (Tranferencias de capital de Concellos).

Tendo en conta que en contabilidade nacional deben respectarse os criterios de contabilización aos que está suxeito o pagador da transferencia, considéranse exclusivamente os importes efectivamente recadados no exercicio 2011 por dereitos recoñecidos en dito exercicio ou en exercicios anteriores, coas seguintes excepcións (debidamente xustificadas documentalmente):

| <i>Descrición</i> | <i>Axente financiador</i> | <i>Data recoñec. obriga</i> | <i>Data recoñec. do dereito</i> | <i>Importe</i> | <i>AXUSTE (+ MENOR DÉFICIT/ -MAIOR DEFICIT)</i> |
|---|-----------------------------------|-----------------------------|---------------------------------|-------------------|---|
| <i>Subv. (75%) Planes prov. e insulares de cooperación 2011</i> | <i>Mº Política Territorial</i> | <i>20/12/2011</i> | <i>06/02/2012</i> | <i>51.214,61</i> | <i>51.214,61</i> |
| <i>Subv. (25%) Planes prov. e insulares de cooperación 2011</i> | <i>Mº Política Territorial</i> | <i>20/12/2011</i> | <i>06/02/2012</i> | <i>71.052,74</i> | <i>71.052,74</i> |
| <i>Subv. (25%) Planes prov. e insulares de cooperación 2010</i> | <i>Mº Política Territorial</i> | <i>19/12/2011</i> | <i>06/02/2012</i> | <i>13.101,69</i> | <i>13.101,69</i> |
| <i>Convenio para investimentos no Concello de Viveiro</i> | <i>Consellería Medio Ambiente</i> | | <i>29/02/2012</i> | <i>617.911,58</i> | <i>617.911,58</i> |
| TOTAL | | | | 753.280,62 | 753.280,62 |

4. **Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea:** Nos ingresos obtidos pola corporación como destinataria final dos fondos comunitarios, ao xestionar proxectos cofinanciados pola Unión Europea, o momento do recoñecemento dos fondos en contabilidade nacional é o da remisión pola Corporación da certificación do gasto ás unidades administradoras, é dicir, o importe resultante de aplicar a porcentaxe de financiamento que corresponda co gasto certificado e remitido á unidade administradora.

O desglose das certificacións remitidas durante o exercicio 2011 relativos aos proxectos financiados con fondos europeos é como sigue:

| PROXECTO | Importe certificado e xustificado no 2011 | % de financiamento | Importe s/ contabilidade nacional |
|-----------------------|--|---------------------------|--|
| Proxecto LUGO2 | 2.378.826,12 | 70,00 % | 1.665.178,28 |
| TOTAL | 2.378.826,12 | | 1.665.178,28 |

5. **Tratamento dos xuros en contabilidade nacional:** rexe o principio de devengo, de xeito que deberán incorporarse os xuros devengados no exercicio, tanto vencidos como non vencidos. Todos os xuros recoñecidos no orzamento de gastos no exercicio correspóndense con xuros devengados e vencidos no exercicio, agás os relativos á:

- Operación de préstamo formalizado co BBVA (Nº préstamo: 9542679956) no que o importe vencido a 31/07/2011 (131.059,98 €) correspóndense con xuros devengados no periodo de 1 de agosto de 2010 a 31 de xullo de 2011, e por outra banda, os xuros devengados entre 1 de agosto de 2011 e 31 de decembro de 2011 terán o seu vencemento o 31 de xullo de 2012.
- Operación de préstamo formalizado con NOVACAIXAGALICIA (Nº préstamo: 0163-17.080-5) no que o importe dos xuros devengados no derradeiro trimestre do ano 2010 recoñécese a obriga e págase no primeiro día do período seguinte, e dicir, en xaneiro de 2011.

- Operación de préstamo formalizado con NOVACAIXAGALICIA (Nº préstamo: 0163-17.374-0) no que o importe dos xuros devengados no derradeiro trimestre do ano 2010 recoñecese a obriga e págase no primeiro día do período seguinte, e dicir, en xaneiro de 2011.

| PRÉSTAMO | CONTABILIDADE ORZAMENTARIA (capítulo 3) | CONTABILIDADE NACIONAL | AXUSTE (+ MENOR DÉFICIT/ -MAIOR DEFICIT) |
|-----------------------------------|---|------------------------|--|
| BBVA (9542679956) | 131.059,98 | 117.325,61 | 13.734,37 |
| NOVACAIXAGALICIA (80163-17.080-5) | 129.194,68 | 124.352,80 | 4.841,88 |
| NOVACAIXAGALICIA (0163-17.374-0) | 300.030,84 | 298.224,59 | 1.806,25 |
| TOTAL | 560.285,50 | 539.903,00 | 20.382,50 |

6. Non existen investimentos realizados polo sistema de “abono total do prezo” ou realizados por conta da Deputación, nin percepción de dividendos ou participación en beneficios. Tampouco houbo operacións de permuta financeira, nin operacións de execución e reintegro de avais, nin aportacións de capital a empresas públicas no exercicio, nin asunción ou cancelación de débedas de empresas públicas provinciais, nin gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da corporación local.

▪ **Nos datos do Inludes** (preséntase no anexo 2 o resumo dos importes que se tiveron en conta aos efectos de contabilidade nacional do orzamento de ingresos)

1. **Rexistro en contabilidade nacional dos impostos, cotizacións sociais, taxas e outros ingresos:** para os ingresos contabilizados nos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos, utilízase o criterio de caixa de cada exercicio, sexa do exercicio corrente ou de exercicios pechados.

2. **Tratamento das entregas a conta de impostos cedidos, do fondo complementario de financiamento e do fondo de financiamento de asistencia sanitaria:** non existen no INLUDES ingresos nesta categoría

3. **Consolidación de transferencias entre administraciones públicas:** Tódolos dereitos recoñecidos por transferencias correntes e de capital exceptuando as procedentes da Unión Europea contabilízanse polo criterio do recoñecemento do dereito simultáneo ao cobro efectivo, non existindo dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2011 do exercicio corrente.

Tendo en conta que en contabilidade nacional deben respectarse os criterios de contabilización aos que está suxeito o pagador da transferencia, considéranse exclusivamente os importes efectivamente recadados no exercicio 2011 por dereitos recoñecidos en dito exercicio ou en exercicios anteriores, coas seguintes excepcións (debidamente xustificadas documentalmente):

| Descrición | Axente financiador | Data recoñec. obriga | Data recoñec. do dereito | Importe | AXUSTE (+ MENOR DÉFICIT/-MAIOR DÉFICIT) |
|--|---------------------|----------------------|--------------------------|------------------|---|
| Parnet-Tic. Posta en marcha aplicac. Inform. punto limpo | Deputación A Coruña | 30/12/2011 | 20/01/2012 | 56.000,00 | 56.000,00 |
| TOTAL | | | | 56.000,00 | 56.000,00 |

4. **Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea:** Nos ingresos obtidos pola corporación como destinataria final dos fondos comunitarios, ao xestionar proxectos cofinanciados pola Unión Europea, o momento do recoñecemento dos fondos en contabilidade nacional é o da remisión pola Corporación da documentación do gasto ás unidades administradoras, é dicir, o importe resultante de aplicar a porcentaxe de financiamento que corresponda co gasto certificado e remitido á unidade administradora.

O desglose das certificacións remitidas durante o exercicio 2011 é como sigue:

| PROXECTO | Importe certificado e xustificado no 2011 | % de financiamento | Importe s/ contabilidade nacional |
|--|---|--------------------|-----------------------------------|
| Proxecto Innova-TE | 4.161.922,62 | 70,00 % | 2.913.345,83 |
| Proxecto "Lugo-Pacto Provincial por el Empleo" | 871.431,18 | 80,00 % | 697.144,94 |
| Proxecto PARNETIC | 187.273,05 | 75,00 % | 140.454,79 |

| | | |
|-------|--------------|--------------|
| TOTAL | 5.220.626,85 | 3.750.945,56 |
|-------|--------------|--------------|

5. **Tratamento dos xuros en contabilidade nacional:** non houbo no exercicio operacións relativas a esta categoría.

6. Non existen investimentos realizados polo sistema de “abono total do prezo” ou realizados por conta do INLUDES, nin percepción de dividendos ou participación en beneficios. Tampouco houbo operacións de permuta financeira, nin operacións de execución e reintegro de avais, nin aportacións de capital a empresas públicas no exercicio, nin asunción ou cancelación de débedas de empresas públicas, nin gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da entidade.

▪ **Nos datos de SUPLUSA:**

1. **Tratamento dos xuros en contabilidade nacional:** rexe o principio de devengo, de xeito que deberán incorporarse os xuros devengados no exercicio, tanto vencidos como non vencidos. Todos os xuros recoñecidos no orzamento de gastos no exercicio correspóndense con xuros devengados, vencidos ou non vencidos no exercicio, polo que non é preciso a realización de ningún axuste.

2. **Variación de produtos terminados e en curso de fabricación:** dedúcese da conta de péridas e ganancias un aumento de variación de existencias por un importe de 5.946.633,13 euros, que a efectos de contabilidade nacional ocasiona un menor gasto no capítulo VI do orzamento de gastos de SUPLUSA ao que se imputan as adquisicións de terreos e traballos realizados para dotar de solo industrial e residencial para persoas da terceira idade á provincia de Lugo.

3. **Imposto de sociedades:** o importe a considerar como gasto non é o imposto devengado contablemente e que figura na conta de péridas e ganancias (6.192,33 €) senón o os pagos a conta realizados durante o ano (5.724,24 €) máis o resultado da liquidación final correspondente ao exercicio anterior (309,00 €).

4. **Variacións das provisións de tráfico:** non constitúen gasto en contabilidade nacional as dotacións do exercicio de perdas por deterioro de créditos. No presente exercicio non se practicaron correccións, polo que non é preciso a realización de ningún axuste.

5. **Consolidación de transferencias correntes entre administraciones públicas:** Tendo en conta que en contabilidade nacional deben respectarse os criterios de contabilización aos que está suxeito o pagador da transferencia, considéranse os importes efectivamente recoñecidos no exercicio 2011 pola Excm. Deputación Provincial de Lugo e polo Ministerio de Industria, en concreto:

| | |
|--|---------------------|
| - Deputación Lugo. Persoal e mantemento barcos | 140.914,91 |
| - Deputación Lugo. Persoal e mantemento barcos | 178.400,00 |
| - Deputación Lugo. Persoal e mantemento barcos | 150.000,00 |
| - Deputación Lugo. Escola piraguismo..... | 25.000,00 |
| - Deputación Lugo. Escola piraguismo..... | 21.000,00 |
| - Deputación Lugo. Aportación ordinaria | 1.563.250,00 |
| - Deputación Lugo. Aportación ordinaria | 1.563.250,00 |
| - Deputación Lugo. Persoal escola piraguismo | 9.695,60 |
| - Deputación Lugo. Persoal e mantemento barcos | 159.137,08 |
| - Deputación Lugo. Lugo emprega O Incio..... | 76.864,83 |
| - Deputación Lugo. Club náutico de Doade..... | 69.306,36 |
| - Deputación Lugo. Reparación canón | 35.400,00 |
| - Deputación Lugo. Reparación canón | 2.740,42 |
| Total Deputación Lugo..... | 3.994.959,20 |
| - Ministerio Industria. Reindus | 300.000,00 |
| Total Ministerio Industria | 300.000,00 |
| Total..... | 4.294.959,20 |

6. **Subvencións de capital recibidas:** Aos efectos de contabilidade nacional as subvencións de capital recibidas deben computar como ingresos integramente no exercicio no que se reciben, independente de que as normas contables establezan outro tratamento. Concretamente, no Plan Xeral de Contabilidade da Empresa privada preveese que as subvencións de capital recibidas contabilizaranse no pasivo do balance e imputaranse a resultados cando se enaxenen, amortizen ou se den de baixa os bens que contribuíron a financiar.

Ademáis, para garantir a correcta consolidación das operacións, o importe a computar como ingresos en contabilidade nacional polas unidades receptoras de transferencias de capital debe coincidir co gasto que se rexistre na unidade que a concede. En definitiva, as transferencias de capital impútanse íntegras como ingresos da unidade receptora no exercicio en que se reciben, sen perxuício que en contabilidade financeira se imputen a resultados ano a ano.

En concreto, no exercicio 2011 percibíronse as seguintes subvencións, coincidindo co criterio do ente pagador (Deputación de Lugo):

| | |
|--|---------------------|
| - Deputación Lugo. Área industrial de Monforte..... | 993.606,18 |
| - Deputación Lugo. Área industrial de Paradela | 572.341,00 |
| Total Deputación Lugo..... | 1.565.947,18 |

A esta mesma cantidade chégase cos datos contidos na contabilidade da sociedade:

| | |
|---|---------------------|
| (+) Saldo final da conta do balance "Subvencións de capital"..... | 1.106.423,35 |
| (-) Saldo inicial da conta do balance "Subvencións de capital" | -0,00 |
| (+) Subv. Transferidas a resultados (cuenta de P. y G.)(cuenta 747)..... | 90.716,05 |
| (+) Pasivos por dif. temporarias impositibles por subv.(cuenta 479) | 368.807,78 |
| (=) Subvencións recibidas no exercicio | 1.565.947,18 |

▪ **Nos datos da Fundación TIC:**

1. Non se considera necesario a realización de axuste para a adaptación dos importes iniciais á contabilidade nacional.

▪ **Nos datos do Consorcio:**

1. **Consolidación de transferencias entre administracións públicas:** transcribese parte do informe emitido pola secretaría-intervención do Consorcio ao obxecto de valorar a estabilidade orzamentaria na liquidación do exercicio 2011 do ente: "No caso das transferencias realizadas pola Xunta de Galicia figura unha recadación neta no exercicio 2011 de 1.203.191,09€ quedando pendente de cobro a 31 de decembro a cantidade de 107.543,02€, polo que non se realiza ningún axuste para pasar do déficit ou superávit orzamentario ao déficit ou superávit de contabilidade nacional.

No caso das contías por transferencia na Deputación de Lugo e no Consorcio non coinciden. No exercicio 2011 reflíctese dereitos recoñecidos a 31 de decembro por valor de 765.611,28€ reflectidos contablemente en cumprimento da paridade nas achegas dos entes consorciados. Constatados os datos coa Deputación no seu caso figuran obrigas recoñecidas cara o consorcio por valor de 665.649,66 euros, polo que é preciso a realización dun axuste para pasar do déficit ou superávit orzamentario ao déficit ou superávit de contabilidade nacional, por importe de 99.961,62 €. Queda pendente de ingreso a 31 de decembro a cantidade de 545.149,87€, que corresponde coa achega a realizar en cumprimento da paridade nas achegas dos entes consorciados para o exercicio 2011."

